

# CARBALLO

## GUIA ILUSTRADA DE ARQUITECTURA

## ALMANAQUE 2022

concello de CARBALLO

G! SERVIZO DE **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA** DO CONCELLO DE CARBALLO



# CARBALLO

## GUIA ILUSTRADA DE ARQUITECTURA

Esta pequena guía recolle unha selección de edificios e espazos públicos urbanos de Carballo, co propósito primeiro de documentar da forma máis obxectiva posible o patrimonio arquitectónico.
Para iso non dubidamos en incluír, ademais dos edificios máis antigos, as construcións máis recentes e outros tipos de intervencións visibles dende a vía pública.
A documentación está representada por tres medios: a ilustración, a fotografía e o comentario escrito.
O segundo propósito vén fundamentado pola crenza de que a arquitectura, a paisaxe e o urbanismo que nos rodean son no seu conxunto un ben que nos constrúe como sociedade.
Todos os elementos dos espazos públicos que nos definen e acompañan diariamente no presente, herdámolos de tempos pasados, e de nós depende o patrimonio urbanístico que van recibir as futuras xeracións.
Neste sentido, poñendo gran valor sobre a nosa responsabilidade social con respecto á conservación ou evolución do patrimonio, propoñemos esta guía como un punto de partida para informar, estudar e buscar posibles usos alternativos ou actualizados a espazos e arquitecturas existentes en Carballo.

## XANEIRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24/31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

## FEBREIRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | | | | | | |

## MARZO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

## ABRIL

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |

## MAIO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23/30 | 24/31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

## XUÑO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

## XULLO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

## AGOSTO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

## SETEMBRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

## OUTUBRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24/31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

## NOVEMBRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

## DECEMBRO

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |


**Xaime Díaz Alonso**
Documentación, selección das obras, autor dos textos e debuxos

**Clara Díaz Pan**
Deseño gráfico

**Diego Díaz Mosqueira**
Fotografías

edita **Concello de Carballo**

concello de CARBALLO

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CARBALLO


01


02


03


04


05


06


07


08


09


10


11


12


13


14


15


16



17


18


19


20

**O Centro**
Casa do Concello 01
Mercado de Abastos 02
Ludoteca 03
Museo de Bergantiños e Biblioteca 04
Igrexa de San Xoán Bautista 05
Praza de Galicia 06

**Os Baños Vellos**
Casino de Carballo 07
Hotel Balneario 08

**Os Troles**
Estación Vella de Trolebuses 09

**A Braña**
Escultura 'O Peixe' 10
Mediateca Rego da Balsa 11

**A Fonte Caldeira**
Igrexa de San Cristovo 12

**O Hospital**
Casa Calvo e
Antiga Fábrica de Conservas 13

**A Ribeira do Anllóns**
Pazo da Cultura 14
Parque do Anllóns 15

**A Casilla**
Xulgados Novos 16

**O Campo da Feira**
Fórum Carballo 17
Capela da Milagrosa 18

**O Choris**
Depósitos de Auga 19
Casas Baratas 20

01



02



03



04



05



06



07



08



09



10



11



12



13



14



15



16



17



18



19



20



**O Centro**
Casa do Concello 01
Mercado de Abastos 02
Ludoteca 03
Museo de Bergantiños e Biblioteca 04
Igrexa de San Xoán Bautista 05
Praza de Galicia 06

**Os Baños Vellos**
Casino de Carballo 07
Hotel Balneario 08

**Os Troles**
Estación Vella de Trolebuses 09

**A Braña**
Escultura 'O Peixe' 10
Mediateca Rego da Balsa 11

**A Fonte Caldeira**
Igrexa de San Cristovo 12

**O Hospital**
Casa Calvo e
Antiga Fábrica de Conservas 13

**A Ribeira do Anllóns**
Pazo da Cultura 14
Parque do Anllóns 15

**A Casilla**
Xulgados Novos 16

**O Campo da Feira**
Fórum Carballo 17
Capela da Milagrosa 18

**O Choris**
Depósitos de Auga 19
Casas Baratas 20



**Casa do Concello**

Situación: Praza do Concello s/n
Data de construción: 1974 - 1975
Arquitecto: José Manuel Rey Pichel

O inmoble ten estrutura de formigón armado, de forma piramidal, cubertas en terrazas transitables (orixinalmente) e os cerramentos dominados por grandes vans horizontais acristalados. É a estética brutalista, de edificios de potentes estruturas onde un elemento como o formigón visto convértese no único elemento decorativo visible. Os cambios son reflexo da transformación da arquitectura internacional e do gran auxe construtor na época dos setenta.

O edificio alberga as oficinas da administración municipal, arquivo, Alcaldía, salón de plenos e Policía Local. Noutrora tamén ocuparon un espazo importante a biblioteca pública e os xulgados de primeira instancia e instrución ata que se trasladaron ao seu emprazamento actual.

Varios proxectos de reforma incorporaron ascensores e ramplas nos accesos principais do inmoble que melloraron a accesibilidade universal. Dende o ano 2017 están abertas as oficinas da Policía Nacional para tramitar o DNI e o pasaporte.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Casa do Concello

# XANEIRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |



**Mercado de Abastos**

Situación: Rúa Gran Vía s/n
Data de construción: 1968
Arquitecto: Ramón Tenreiro Brochón

Data da rehabilitación: 1993
Arquitecto: Manuel Peleteiro Bandín

Data da rehabilitación: 2010
Arquitectos: Miguel A. Abad Blanco e Antonio Deus Álvarez

A última rehabilitación integral do edificio realizouse conforme ao proxecto gañador do Concurso de Ideas celebrado no ano 2009.

As instalacións destacan pola súa luminosidade grazas aos grandes muros en cortina modular de vidro. Os distintos postos de peixe, marisco, carne, froita, verduras, queixo e pan foron adaptados aos últimos estándares de hixiene e calidade. Tamén existen outras tendas de produtos variados. No segundo andar hai un espazo diáfano que está dispoñible para a organización de múltiples eventos, exposicións e actividades lúdicas.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Mercado de Abastos

# FEBREIRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | | | | | | |




**Ludoteca**

Situación: Rúa Desiderio Varela
Data de construción: 1929
Arquitecto: Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón

Edificio de planta baixa, cunha composición clásica de dous ocos que xunta os pavillóns, e que antes tiña un patio na parte posterior. Realizado en ladrillo e con escasa ornamentación.

Inmoble cedido polo doutor Desiderio Varela Puga, filántropo e médico do balneario, para albergar unha escola pública para nenos e nenas, na memoria da súa dona Amalia Gómez.

As rehabilitacións integrais do edificio resolveron os problemas de accesibilidade universal e o cambio de uso para ludoteca infantil e aula de informática.

Datas: realizada en dúas fases nos anos 2000 e 2006.
Arquitecto: Alfredo Garrote Pazos.

Incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente coa clave AC-0703.




Ludoteca

# MARZO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |



**Museo de Bergantiños e Biblioteca**

Situación: Rúa Martín Herrera
Data de construción: 1855
Arquitecto: Descoñecido

Construída con estrutura de muros de cantería, trátase dunha composición de tres corpos en forma de U que conforman un patio interior. A fachada principal simétrica articúlase en tres franxas enmarcadas pola cantería, que singulariza a porta de acceso cun arco de medio punto. A composición simétrica mantense cun volume principal de planta baixa e alta, cos laterais recuados e dunha soa planta e traza sinxela.
O uso inicial foi para albergar o cárcere e os xulgados de primeira instancia de Carballo. Tras a rehabilitación integral e ampliación do edificio, agora acolle o Museo de Bergantiños, a Oficina de Turismo e unha Biblioteca.

Data: obras realizadas entre os anos 1996 e 1999.
Arquitecto: José Manuel Gallego Jorreto
(Premio Nacional de Arquitectura).

A última rehabilitación foi realizada no ano 2019, baixo a dirección dos arquitectos Alfredo Garrote e Fernando Añón.

Incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente coa clave AC-0702.



Museo de Bergantiños e Biblioteca

# ABRIL 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |




## Mediateca Rego da Balsa

Situación: Rúa Bos Aires, esquina á rúa Ecuador
Data de construción: 2011 - 2013
Arquitecto: Oscar Pedrós Fernández

Trátase dun edificio de dúas plantas que se prega cara á vía principal e a praza anexa. O interior é una continuidade de espazos, que na planta baixa ten forma de U arredor dun patio e un vestíbulo. Na planta alta, de percorrido continuo arredor do patio, vemos pezas con luz cenital e mobiliario deseñado polo autor do proxecto.

O uso é como "mediateca" na que hai presentacións de libros, concertos educativos, contacontos e obradoiros do máis peculiar, coa idea de atraer a curiosidade de público infantil e adolescente, e para que o edificio se converta nun referente da creación e difusión cultural.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Mediateca Rego da Balsa

# MAIO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 30 | 24 31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |




**Igrexa de San Xoán Bautista**

Situación: Rúa Martín Herrera
Data de construción: 1974 - 1975
Arquitectos: José Manuel Rey Pichel
e Xosé Manuel Casabella López

Construída en formigón visto, aínda que ten partes recebadas e pintadas, ten un campanario de forma monolítica e un acceso central porticado. Nas fachadas destacan as renovadas e coloridas vidreiras artesanais ensambladas con chumbo. A cuberta está rematada en lousa de cor negra. No interior realizáronse diversas obras de acondicionamento, melloras no mobiliario, iluminación, pavimento e accesibilidade universal.

O complexo parroquial alberga, ademais da igrexa, un auditorio na planta semisoto, un centro social e oficinas.

Incluída no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente coa clave AR-0702.



Igrexa de San Xoán Bautista

# XUÑO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |




**Fórum Carballo**

Situación: Rúa Xílgaro con Luis Braille
Data de construción: 2006 - 2010
Arquitectos: Manuel Carbajo Capeáns
e Celso Barrios Ceide

Trátase dun conxunto formado por 5 edificios, distribuídos nunha área de 11.000 m2 e cunha superficie edificada de 6.600 m2, vertebrados a través dun corredor central que os comunica na planta semisoto. Existen dúas partes claramente diferenciadas, unha frontal de oficinas administrativas e de xestión, e outra de naves para talleres, vestiarios e aulas de formación. Estes distintos usos tradúcense nunha linguaxe construtiva distinta: a primeira foi realizada con estrutura de aceiro e revestimento exterior das fachadas con perfís de aluminio anodizado e acristalamento con vidro de dobre folla illante e láminas de reflectasol, mentres que a segunda foi construída con muros continuos de formigón armado. As cubertas son planas e transitables, con formigón alixerado, lámina xeotéxtil e grava. O complexo está enfocado á prestación de servizos, así como á formación e á dinamización do emprego no ámbito comarcal.
O Fórum ten capacidade para desenvolver un total de 25 especialidades formativas homologadas que teñen por obxecto facilitar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral e encamiñadas á obtención de certificados de profesionalidade.
Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Fórum Carballo

# XULLO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |



**Estación Vella de Trolebuses**

Situación: Rúa Vázquez de Parga esquina á rúa Pontevedra
Data de construción: 1950
Enxeñeiros: Victor Solórzano e José Valentí

Edificación industrial na que a cuberta ten una estrutura reticular de barras interconectadas en nós formando triángulos que nas fachadas están rematadas por frontóns con cristais en círculo.

Eran unhas instalacións que permitían a concentración das paradas do transporte público colectivo de viaxeiros por estrada e que tiñan o comezo, paso ou final dos percorridos. O seu emprazamento tan céntrico e na travesía principal facilitaba a comunicación cos usuarios.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Estación Vella de Trolebuses

# AGOSTO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |



**Capela da Milagrosa**

Situación: Praza da Milagrosa
Data de construción: 1917
Mestre de obra: descoñecido/a

A capela ten unha planta rectangular de pequenas dimensións e foi construída con estrutura de muros de cantería. A composición da fachada é simétrica: superponse a portada con linteis, cos ocos en arco para iluminar o interior de forma natural e a lanterna central con campá.

A capela formaba parte dun conxunto de edificacións que se completaba co convento de monxas, escola e comedor infantil, xa desaparecidos e que pechaban a mazá.

Incluída no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente coa clave AR-0701.



Capela da Milagrosa

# SETEMBRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |



**Pazo da Cultura**

Situación: Rúa do Pan, esquina cas rúas Gardenias e Magnolias
Data de construción: 2000 - 2002
Arquitecto: Luis Collarte Rodríguez

A obra foi realizada en distintas fases co proxecto da Escola Taller de Carballo concedido no ano 1999 e que tivo como director técnico a Andrés Seoane Lago.

O edificio ten cinco plantas duns 1.345 metros cadrados cada unha. O Pazo da Cultura conta con diversas salas de distintas capacidades para axeitarse aos diferentes usos: un auditorio (338 butacas), unha sala (150 prazas), unha sala de exposicións, salas de lectura, cafetería e locais de ensaio.

O auditorio acolle as principais representacións do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) e o Carballo Interplay (CIP), así como concertos e espectáculos de danza.
Tamén é sede do Conservatorio Profesional de Música e da Escola Oficial de Idiomas de Carballo.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Pazo da Cultura

# OUTUBRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 / 31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |



**Casino de Carballo**

Situación: Rúa Lugo, esquina á rúa Vázquez de Parga
Data de construción: 1925
Arquitecto: descoñecido/a

O edificio foi construído para albergar a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños de Carballo, unha agrupación constituída no ano 1889, que compartía o local co Bergantiños Club de Fútbol.

Edificio de planta baixa, con forma rectangular e chafrán na esquina. O interior está distribuído cun amplo vestíbulo de entrada, unha biblioteca con cheminea, un salón de actos e de baile con outra cheminea. Unha fermosa escalinata dá acceso á parte posterior, onde se atopan uns despachos, a cafetería e os aseos. Mantén unha decoración de época, con lámpadas de araña no teito e mobiliario orixinal dos anos vinte.

Non está incluído no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Casino de Carballo

## NOVEMBRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |



**Depósitos de Auga**

Situación: Avenida de Bergantiños, esquina á rúa Vila de Corcubión

Depósito nº1
Data: 1969
Enxeñeiro/a: descoñecido/a

Depósito nº2
Data: 1974 - 1975
Enxeñeiro: Joaquín López Menéndez

Son uns exemplos da arquitectura industrial doutras épocas e que tiveron a funcionalidade de depósitos de auga da rede xeral de distribución que abastecía a nosa vila.

O depósito nº1 é unha construción de formigón armado, cunha base de forma hexagonal, altura total de 20 metros, cuba de 10 metros de diámetro e capacidade de 250 metros cúbicos.

O depósito nº2 tamén é unha construción de formigón armado, cunha base de forma dodecagonal, altura total de 39 metros, cuba de 16 metros de diámetro e capacidade de 1.500 metros cúbicos.

Non están incluídos no catálogo de elementos que se deben protexer do Plan Xeral vixente.



Depósitos de Auga

# DECEMBRO 2022

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

# TELÉFONOS DE INTERESE DO CONCELLO DE CARBALLO

## SERVIZOS MUNICIPAIS XERAIS

Concello de Carballo ........ 981 704 100
Oficina de Información Turística ........ 981 702 077
698 156 402
Oficina de Promoción Económica........ 981 709 012
Oficina Técnica Municipal ........ 981 704 705
Servizos Sociais ........ 981 704 706
Recadación Municipal ........ 981 704 278
Servizo de augas ........ 900 907 363
Incidencias alumeado público........ 902 350 365
Recollida de lixo, punto limpo e canceira ........ 981 754 917
Cemiterio Municipal ........ 981 709 012

## FÓRUM CARBALLO

Centro Municipal de Formación........ 628 501 652
Bolsa de Traballo (BDT) ........ 981 709 011
Servizo Público de Emprego de Galicia........ 881 960 443
Servizo Público de Emprego
do Goberno do Estado (prestacións) ........ 981 704 340
Oficina comarcal de servizos agrarios........ 881 960 626
Oficina comarcal de servizos veterinarios........ 881 960 625
Oficina comarcal de servizos forestais ........ 881 960 635

## DEPORTES

Servizo Municipal de Deportes (ext. 1 oficinas)........ 981 702 109
Complexo deportivo As Eiroas ........ 981 703 555
Complexo deportivo Vila de Noia (ext. 2 piscina).... 981 702 109
Complexo deportivo Carballo Calero (pavillón)........ 981 756 232
Complexo deportivo Carballo Calero (piscina)........ 981 758 101

## EDUCACIÓN E CULTURA

Pazo da Cultura........ 981 704 300
Biblioteca Municipal Rego da Balsa ........ 981 758 580
Biblioteca Municipal Museo ........ 981 704 041
Museo de Bergantiños ........ 981 702 077
Conservatorio Profesional de Música (CMUS)........ 981 704 300
Escola Oficial de Idiomas ........ 981 701 172
Espazo Xove Carballo ........ 881 880 421
Escola Infantil Municipal A Braña ........ 981 755 188
605 714 526
Escola Infantil Municipal As Landras ........ 981 755 912
CRA Ponte da Pedra........ 981 703 403
CEIP A Cristina........ 881 880 400
CEIP Bergantiños........ 881 880 386
CEIP Gándara-Sofán........ 881 880 427
CEIP Nétoma-Razo........ 881 880 431
CEIP Fogar........ 981 700 294
CEIP Xesús San Luís Romero........ 881 880 415
CPR Artai........ 981 703 260
IES Alfredo Brañas........ 981 700 911
IES Isidro Parga Pondal........ 881 880 371
IES Monte Neme ........ 881 960 050

## EMERXENCIAS E ASISTENCIA

Emerxencias ........ 112
Urxencias sanitarias ........ 061
Información COVID-19........ 900 400 116
Policía Local ........ 092 / 981 701 722
Garda Civil........ 062 / 981 704 065
Policía Nacional - DNI e pasaportes........ 981 755 118
Protección Civil (emerxencias) ........ 981 757 275
Protección Civil (oficina) ........ 981 704 048
Parque de bombeiros ........ 981 758 057
Servizo de atención á cidadanía
da Xunta de Galicia........ 012
Servizo de atención á cidadanía
do Goberno do Estado........ 060
Centro de Información á Muller (CIM) 981 700 688
638 123 460
Servizo de atención a todas as formas
de violencia contra as mulleres ........ 016
Teléfono da Muller da Xunta de Galicia ........ 900 400 273
Centro de saúde........ 981 701 592
981 701 828
981 702 008
Unidade de Condutas Adictivas (UCA) ........ 981 756 275
Centro de día ........ 646 976 613
Residencia de maiores ........ 981 703 256
Xulgados (Civil)........ 881 881 185
881 881 190
881 881 195
Xulgados (Penal)........ 881 881 186
881 881 191
881 881 196
Xulgados (Rexistro Civil)........ 881 881 178

## TRANSPORTES

Taxis ........ 981 700 170